



< Mar axitada (fragmento)
2013

D. Antonio Veiga Outeiro,
vicepresidente da Deputación de Lugo, e no seu nome

D. Mario Outeiro Iglesias,
deputado delegado da Área de Cultura e Turismo,
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

Neira Brochs

Emocións: 1960 - 2014

que terá lugar o vindeiro xoves, 12 de xuño de 2014,
ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo
(Deputación Provincial de Lugo)

O evento conta coa colaboración do grupo de cámara **Lucus Ensemble** que interpretará varias obras musicais

Praza da Soidade s/n
Tel.: 982 242 112
www.museolugo.org / difusion@museolugo.org

Máis información:



e no sitio web: www.museolugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo




REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



FRANQUEO
PAGADO

Aut. n.º 150493



Neira Brochs

Emocións: 1960 - 2014

12
xuño
31
xullo

< Meditación

2014

A calidade creativa de Neira vai pegada á súa calidade humana e xa era hora de que se lle fixera o recoñecemento que se merece por toda unha vida dedicada ao difícil mundo da arte. O seu carácter reflexivo, pouco interesado polo “mundanal ruído”, dentro da liña de Brancusi cando dicía que ser intelixente non está mal, pero vale máis a pena ser honesto, fixo que case ninguén se decatara de que é dos poucos artistas lucenses vivos con obra no Raiña Sofía (CNARS). Porén, esta mostra retrospectiva de tantas décadas de fecunda produción artística pretende amosar todas as modalidades de expresión plástica nas que leva traballado: escultura, pintura, debuxo, deseño, vidro, cerámica.

Naceu en Viveiro, en 1941, e sobre a súa aptitude artística lembra que cando era un neno, con tres anos, pintaba nunha parede branca que o seu avó lle encalaba para que debuxara nela. Foi quizais, neses intres, cando se decatou do moito que lle gustaba debuxar e con vinte e dous anos marcha da súa casa a seguir esa vocación.

Os seus persoais avatares biográficos fanlle acumular vivencias como a do París de maio do 68, ou o Berlín dividido polo muro da vergoña, tempos nos que consolidou a súa dedicación ao difícil mundo da creación, buscando camiños de desenvolvemento persoal e independencia creativa que o levan a abandonar un posto de funcionario de correos. Do ano que estivo en París, regresou coa mochila lixeira, pois tirou toda a súa obra ao Sena (agás unhas poucas pinturas). Logo, regresou a Madrid quince anos onde descubriu o mundo das vidreiras comezando a traballar nese oficio cos irmáns Atienza ata que, decidido a actualizar os procedementos antigos con deseños novidosos, se independizou volvendo á Mariña para establecerse definitivamente, no ano 1976, en Area, onde traballa coa paciencia e rigor dun artesán atendendo os encargos que lle fan e deixando a obra pictórica como desafojo creativo persoal porque é na pintura onde se sente máis libre.

Con respecto á súa formación, os estudos artísticos realizados en Madrid (no Círculo de Belas Artes) e París (Escola

de Belas Artes), complementaos coas viaxes por Alemaña (con Andrés Barajas e Ángel Aragonés), Luxemburgo, Francia, Suíza e Italia; participa en exposicións colectivas nos anos sesenta e setenta; tamén fai outras individuais como a de gouaches na Sala da Asociación de Artistas, na Coruña (1968), ou a de 1986, na Deputación de Lugo. Quizais nesa primeira etapa de formación en Madrid, estivo máis en contacto co expresionismo neofigurativo, de influencia abstracta, que nos anos setenta produciu unha renovada escultura por parte de Venancio Blanco, Jesús Valverde, Joaquín García Donaire, César Montaña ou Juan Manuel Castrillón. Momentos en que a tradición académica de estudos fai que, daquela, tamén convivan alí moitos artistas galegos: Cristino Mallo, M.^ª Antonia Dans, Tino Grandío ou M.^ª Victoria de la Fuente; que traballan distintos tipos de figuración, pero coas influencias das tendencias contemporáneas. En todos eles, os vínculos coa súa terra aparecen directa ou indirectamente nos temas representados.

Ollando a súa obra, aparece de inmediato unha característica continua: a liberdade creativa e, a continuación, a mestría técnica. A liberdade non se contradí coas obras de encargo, porque a utiliza tamén para experimentar con novas formas e materiais, continuamente, incluso na parte máis complexa: os procedementos para materializar e presentar os resultados imaxinados nunha obra escultórica de gran envergadura, como o monumento da praza de Augas Férreas, en Lugo: *Utopía*, onde tivo que inventar un xeito distinto de traballo. Outra escultura representativa, na que amosa o seu apego ao mundo do mar, é o monumento ao *Náufrago* de Celeiro (1993), onde o drama do mariñeiro afogado aseméllase, iconograficamente, á *Piedade*. A experimentación técnica na escultura abrangue tamén a cerámica e o vidro (a destacar as vidreiras da igrexa parroquial de Tapia de Casariego catalogadas pola Universidade de Oviedo como ben artístico) e, deste xeito, controla coa minuciosidade dun artesán todo o proceso de execución: dominando a técnica o fin xustifica o medios. Así, o universo crea-

Pescadores

2014



tivo de Neira enténdese mellor se coñecemos toda a evolución da obra, dende o proxecto ou idea plasmada nun bosquejo, pasando polas distintas fases de realización ata o resultado final, tal como queremos amosar a través do material gráfico e audiovisual seleccionado na exposición, xa que consideramos que as fases intermedias da creación artística, ás veces, son tan frutíferas e interesantes como o propio resultado.

A figuración é unha constante na súa produción artística, foxe da abstracción total e das formas xeométricas puras, pero tamén do realismo imitador, na liña da “figuración significativa” da escultura de *Subirachs*. Outras similitudes con este artista catalán, na súa faceta escultórica da primeira época, aprécianse nas formas xeométricas co resalte de liñas rectas ou angulosas das súas figuras, na gran mestría técnica acadada no uso de distintos materiais, no coñecemento dos procesos artesanais e nese toque expresionista de parte da súa produción.

Na pintura, esta linguaxe figurativa de trazos esenciais desenvólvese a cotío. Tamén predomina nos debuxos, que inicia a través da mancha, pero esta tendencia figu-

rativa, derivada dos novos realismos e do neoexpresionismo europeo (alemán) e estadounidense (anos 70 e 80), é o que lle dá unha alta expresividade e grandes doses de subxectivización na percepción da realidade. Diríamos que, deste xeito, algunhas obras reflicten unha angustia existencial interna que non aparenta a persoa pero si transmite o artista. Hai paixón, imaxinación, compromiso, intensidade e dinamismo. Tamén certo sufrimento agónico, tanto nas caras dos seus personaxes como na traxedia de certas escenas. Posúe un universo creativo persoal e intransferible, certamente recoñecible dende hai anos como parte dun estilo propio, pero, como non podía ser doutro modo, influenciado polo devandito neoexpresionismo e a neofiguración da segunda metade do século XX. No que atinxe á temática destacan os espazos abertos coa natureza como protagonista e o mar omnipresente, pero a figura humana é a chave da súa inspiración sempre desde a implicación: na paisaxe, no traballo, na angustia da vida.

Na escultura aparecen ás veces reminiscencias cubistas mesturadas coa neofiguración expresionista. Algúns murais zumegan un estilo na liña estética do realismo social de gravadores como Zamorano ou do expresionismo social de José Ortega, pero tamén herdeiro das antigas imaxes costumistas dos arquetipos galegos. Predominan esas liñas grosas e angulosas que tamén dan xogos de luz e sombra.

En xeral, vemos en todas as súas modalidades creativas un continuismo formal e un estilo propio, agás nas obras de inicio onde se reflicte a súa busca e influencias de aprendizaxe polo que aparece un eclecticismo, logo soterrado, en obras como *Tras o cristal* (1969), con claras referencias aos deformados retratos de F. Bacon e cun cromatismo efectista e persoal herdeiro de Van Gogh e Munch, pero tamén de Matisse. Esa mirada expresionista aparece en distintas fases e formas da súa produción dende o seu comezo.

Monumento ao náufrago

(Celeiro, Viveiro) 1993



Pinta sen esquema preconcebido segundo o que lle suxira o soporte ou a mancha e sobre iso traballa de xeito espontáneo buscando e esperando o que apareza para modificar o resultado sobre a marcha. A súa obra debuxística reflicte, ás veces, certa influencia do pintor francés Rebeyrole polo seu tratamento da cor e da mancha como forma, sen abandonar a figuración. Para Neira, debuxar é parecido a facer un xesto expresivo, coa vantaxe da permanencia, tal como dicía H. Matisse. A cor é a base da súa pintura e a través da súa utilización veñen a luz, o volume e a perspectiva. A potenciación do elemento cromático na súa primeira produción pictórica, logo evolucionará a tonalidades máis escuras e frías e cando se incorporan tons vivos como o vermello ou o amarelo é de xeito puntualmente agresivo, desacougante, lembrando a clásicos como O Greco.

Cunha pincelada fundamentalmente xestual destaca o dinamismo da composición nas escenas representadas. Podemos falar dun cromatismo expresivo, no sentido do uso persoal da cor, tanto na obra pictórica como na escultórica posto que tamén na última xoga cos ocós, formas volumétricas e incorpora materiais de diversas texturas e cores.

Traballa e usa múltiples materiais porque os materiais e as técnicas son só medios, instrumentos que artellan a súa creatividade, de aí esa experimentación constante no que atinxe aos soportes e útiles, por outra banda tan recorrente na arte actual.

Non se aprecia unha confrontada dicotomía entre o pintor e o escultor, Neira traslada as súas inxedanzas artísticas e creativas tanto á pintura como á escultura, conservando o mesmo estilo en distintos materiais e soportes. A principal diferenza entre pintura e debuxo con respecto á escultura é que os primeiros son máis inmediatos e espontáneos. Nos murais cerámicos e nas vidreiras tamén aparecen os recursos creativos usados nas outras disciplinas xunto co seu ollar persoal comprometido coas diferentes formas de expresión da arte contemporánea.

Finalmente, sinalar que o título da exposición que acompaña os seus anos de produción artística, fai referencia a unha constante que guía a súa vida persoal e profesional: as emocións, cun significado máis relacionado coa paixón que coa prosaica definición de alteración física e psíquica temporal. Neira parece entender a arte como expresión de emocións en soidade porque, a pesar da súa dilatada traxectoria e experiencia, segue a sentir gran pudor ao amosar a súa obra quizás porque nela tamén se transmite parte do seu espírito.

Aurelia Balseiro García
Comisaria da exposición
Directora do MPL